



MEMORIA CONSEJO SOCIAL

Ano 2010

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ano 2010

Memoria Consello Social

CONSELLO SOCIAL
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
2011

©CONSELLO SOCIAL - UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

D. L. C XXXX-2011

Deseño e Impresión: Unidixital. Servizo de Edición Dixital da Universidade de Santiago de Compostela

De conformidade co disposto no artigo 23.f) do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Social, teño a honra de someter á aprobación do Pleno do Consello Social a memoria das actividades do Consello correspondente ao ano 2010.

Santiago de Compostela, 02 de marzo de 2011
SECRETARIO DO CONSELLO SOCIAL,


A handwritten signature in black ink, appearing to read "B. Gami". The signature is fluid and cursive, with a long horizontal stroke extending to the right and a small flourish at the end.

Sr. Presidente, Sras/es. Conselleiras/os do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

DILIXENCIA

Para facer constar, que o Pleno do Consello Social desta Universidade, na súa sesión celebrada o día 01 de marzo de 2011, acordou aprobar a presente memoria de actividades do Consello Social correspondente ao ano 2010..

Santiago de Compostela, 02 de marzo de 2011.
SECRETARIO DO CONSELLO SOCIAL,

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'B. Gami', with a long horizontal flourish extending to the right.

Vº e Pr.
O PRESIDENTE,

A handwritten signature in black ink, consisting of several loops and a horizontal line at the bottom.

ÍNDICE

ÍNDICE

PRESENTACIÓN DO PRESIDENTE	9
COMPOSICIÓN DO CONSELLO SOCIAL	13
COMISIÓNS DE TRABALLO	19
ACORDOS DO PLENO.....	25
REUNIÓNS E COMPARECENCIAS.....	33
XORNADAS DE PRESIDENTES E SECRETARIOS DE CONSELLOS SOCIAIS.....	35
CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES.....	36
COMISIÓN DE FINANCIAMENTO DO CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES.....	38
CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA.....	39
OUTRAS ACTIVIDADES	43
PRÁCTICAS EN EMPRESAS E INSTITUCIÓNS	47
PROXECTO EUROPRÁCTICUM	49
BOLSAS DE COLABORACIÓN ANO 2010.....	53
PREMIO HUMANITAS	57
LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONSELLO SOCIAL.....	59
INFORME DA AUDITORÍA FINANCEIRA DA UNIVERSIDADE.....	63
APÉNDICE.....	77
REGULAMENTO DO CONSELLO SOCIAL.....	79

PRESENTACIÓN

DO PRESIDENTE

PRESENTACIÓN DO PRESIDENTE



Apertura do curso académico · 13 de setembro 2010

Cumprindo coa obriga legal indicada no artigo 3c da Lei de Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, compráceme presentar a memoria de actividades do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela do ano 2010.

Ao longo deste ano se produciu a substitución de diversos conselleiros: o reitor da Universidade, a representante do Concello de Santiago de Compostela, a representación da xerencia da USC, un representante da Xunta de Galicia, a representante da Secretaría Xeral da USC e o representante do profesorado da nosa Universidade. Aproveito a ocasión para expresar o meu agradecemento a todos aqueles que remataron o seu mandato polo seu labor desinteresado durante o tempo que formaron parte do noso Consello Social.

Por outra banda cómpre salientar o cambio reitoral como o acontecido de maior importancia durante esta ano 2010. No mes de xuño rematou o proceso democrático de elección de reitor da USC e dos membros do Claustro Universitario, sendo elixido o profesor D. Juan José Casares Long como novo reitor para un período de catro anos. Dende aquí quero expresar o meu apoio e o de todos os conselleiros ao novo reitor e o seu equipo nesta nova andaina, e tamén quero deixar constancia do meu agradecemento ao reitor sainte, o Profesor D. Senén Barro Ameneiro e ao seu equipo, polo labor desenvolvido ao longo destes anos e a frutífera relación mantida co Consello Social.

Tamén é de resaltar a sinatura dun novo Plan de Financiación para o Sistema Universitario de Galicia 2011-2015, que tras meses de negociación tivo o seu colofón o día 21 de decembro. Este é un fito histórico xa que a partires de agora a financiación universitaria non soamente recollerá unha subvención fixa por parte da Xunta de Galicia, senón que esta se poderá incrementar en base a eficiencia de calidade das Universidades.

Neste tempo seguimos consolidando á integración da nosa Universidade no Espazo Europeo de Educación Superior coa creación de diversos másteres universitarios que tentan cubrir a demanda nestas áreas por parte da sociedade e cumprindo coa misión de aprendizaxe ao longo da vida, nunha sociedade que precisa cada vez mais do coñecemento e información. Asistimos tamén ao desenvolvemento do Campus Vida, inaugurando diversos edificios de investigación e poñéndose en funcionamento outros que xa estaban rematados.

Cómpre por último lembrar que no Consello Social, ademais das competencias legalmente establecidas desenvólense outras actividades a prol da nosa Universidade como son o Programa Nacional de Prácticas en Empresas e Institucións, o proxecto Europracticum, que xa vai pola súa quinta edición, o Convenio co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, o Premio Humanitas, etc. Agradezo dende aquí a todas as empresas, institucións e persoas que fixeron posible a realización das mesmas.

Quero, por último, aproveitar a ocasión para agradecer a todos os membros deste Consello Social o seu apoio e adicación ao longo deste intenso ano, xa que é o seu labor o que fai posible o funcionamento deste órgano de goberno da USC.

Manuel Puga Pereira
Presidente do Consello Social

COMPOSICIÓN DO

CONSELLO SOCIAL

COMPOSICIÓN DO CONSELLO SOCIAL

PRESIDENTE:

Don Manuel Puga Pereira

CONSELLEIROS NATOS:

Don Juan José Casares Long

Reitor da Universidade

Dona Lourdes Noya Ferreiro

Secretaria Xeral da Universidade

Dona M^a Lourdes Batán Aira

Xerenta da Universidade

I. EN REPRESENTACIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE

Don Pedro García Herradón

En representación do Persoal Docente e Investigador

Don Alberto Pérez Viso,

En representación do Persoal de Administración e Servizos

Dona Inmaculada García Escourido,

En representación das/os Estudiantes

II. EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA

A. CONSELLEIROS DESIGNADOS POLO PARLAMENTO DE GALICIA

Don Enrique Feáns García

Don Óscar Fernández Refoxo

Dona María Isabel Salazar Bello

Don José Sierra Fernández

Don Miguel de la Calle Amaro

Don Raúl López López

B. CONSELLEIROS DESIGNADOS POLA XUNTA DE GALICIA

Don José Manuel Becerra Pardo

Dona María Caeiro Rey

Dona María del Rosario García Ramos

Don José Manuel Chousa Vázquez

Don Lisardo Reymondez Rey

Dona Sira Vidal Laxe

C. CONSELLEIROS DESIGNADOS POLOS SINDICATOS

Don José Luís Rodríguez Trigo

Don Emilio Crespo Correa

D. CONSELLEIROS DESIGNADOS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS

Don Manuel Jaime Martínez Rape



Recepción do Premio Nobel Dr. Mohamed El Baradei · 20 de setembro de 2010

Dona Blanca García Montenegro
Don Luis García Santalla
Don Juan de la Salle Barreiro Pérez

**E. CONSELLEIROS DESIGNADOS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS DOS
CONCELLOS DOS CAMPUS**

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Benxamín Casal Vila

SECRETARIO DO CONSELLO SOCIAL

Don José Benigno Carril Pérez

CESES E NOMEAMENTOS AO LONGO DO ANO

Na Orde do 4 de febreiro de 2010 pola que se modifica a Orde do 7 de febreiro de 2008, pola que se fai publica a composición do consello social da Universidade de Santiago de Compostela, nomeouse a Dona Mercedes Rosón Ferreiro como representante do Concello de Santiago de Compostela no Consello Social da USC, en substitución de Dona Guadalupe Rodríguez Silva.

Na Orde do 4 de febreiro de 2010 pola que se modifica a Orde do 7 de febreiro de 2008, pola que se fai publica a composición do consello social da Universidade de Santiago de Compostela, nomeouse a Dona Dulce María García Mella como xerenta en funcións da USC e como membro nato do Consello Social da USC, en substitución de Don Pedro García Moreno.

No Decreto 99/2010 de 17 de xuño se nomea reitor da Universidade de Santiago de Compostela ao profesor doutor Juan José Casares Long.

Na Orde do 15 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde do 7 de febreiro de 2008, pola que se fai publica a composición do consello social da Universidade de Santiago de Compostela, nomeouse a Dona M^a Lourdes Batán Aira, xerenta da USC e como membro nato do Consello desta universidade en substitución de Dona Dulce María García Mella.

Na Orde do 20 de agosto de 2010 pola que se modifica a Orde do 7 de febreiro de 2008, pola que se fai publica a composición do consello social da Universidade de Santiago de Compostela, nomeouse a Don José Manuel Chousa Vázquez como representante dos intereses sociais no Consello Social da USC, en substitución de Don José Antonio López Graña.

Na Orde do 20 de agosto de 2010 pola que se modifica a Orde do 7 de febreiro de 2008, pola que se fai publica a composición do consello social da Universidade de Santiago de Compostela, nomeouse a Dona Lourdes Noya Ferreiro como membro nato do Consello Social da USC en calidade de Secretaria Xeral da USC, en substitución de Dona Isabel García-Rodeja Gayoso.

Na Orde do 20 de agosto de 2010 pola que se modifica a Orde do 7 de febreiro de 2008, pola que se fai publica a composición do consello social da Universidade de Santiago de Compostela, nomeouse a Don Pedro García Herradón como representante do profesorado da USC no Consello Social da USC, en substitución de Don Carlos Herrero Latorre.

COMISIONES

D E T R A B A L L O

COMISIONES DE TRABAJO



Participación na festividade de San alberte Magno · 15 de novembro de 2011

No Pleno do Consello Social do día 29 de xuño de 2009, ao abeiro do artigo 22 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Social sancionado pola Resolución do 22 de abril de 2004 (DOG nº 90 de 11 de maio de 2004) acordouse, a creación das seguintes comisións de traballo do Consello Social de carácter estable: Comisión Executiva, Comisión Económica, Comisión Académica e Comisión de Relacións coa Sociedade, co fin de realizar estudos, elaborar propostas e informes pertinentes, acerca das cuestións do seu ámbito de competencias relacionadas cos temas da súa respectiva denominación. Os acordos das comisións requirirán a aprobación do Pleno.

Ase mesmo, neste mesmo pleno se acordou a creación de tres vicepresidencias: Vicepresidente da Comisión Económica, Vicepresidente da Comisión Académica e Vicepresidente da Comisión de Relacións coa Sociedade, que presidirán cadanseu a súa correspondente comisión; a Comisión Executiva será presidida polo Presidente do Consello Social.

Os integrantes das comisións désígnanse de entre os membros do Consello Social.

COMISIÓN EXECUTIVA DO CONSELLO SOCIAL

Don Manuel Puga Pereira
Don Juan José Casares Long (Reitor da USC)
Dona M^a Lourdes Batán Aira (Xerenta da USC)
Don Emilio Crespo Correa (Vicepresidente da Comisión Académica)
Don Luís García Santalla (Vicepresidente da Comisión Económica)
Don Benxamín Casal Vila (Vicepresidente da Comisión de Relacións coa Sociedade)
Don Miguel de la Calle Amaro
Don Óscar Fernández Refoxo
Dona María Caeiro Rey

COMISIÓN ECONÓMICA

Don Luís García Santalla (Vicepresidente da Comisión Económica)
Don Miguel de la Calle Amaro
Don Óscar Fernández Refoxo
Dona M^a Lourdes Batán Aira
Don Juan Bautista de la Salle Barreiro Pérez
Don José Sierra Fernández
Don Raúl López López
Don Lisardo Reymóndez Rey

COMISIÓN ACADÉMICA

Don Emilio Crespo Correa (Vicepresidente da Comisión Académica)
Dona Rosario García Ramos
Dona Lourdes Noya Ferreiro
Dona Inmaculada García Escourido
Don Alberto Pérez Viso
Dona Sira Vidal Laxe
Dona Isabel Salazar Bello
Don Xosé Manuel Becerra Pardo
Dona María Caeiro Rey

COMISION DE RELACIÓNS COA SOCIEDADE

Don Benxamín Casal Vila (Vicepresidente da Comisión de Relacións da Sociedade coa Sociedade)
Don José Luís Rodríguez Trigo
Dona Blanca García Montenegro
Don José Manuel Chousa Vázquez
Don Pedro García Herradón
Don Manuel Jaime Martínez Rapela
Don Enrique Feáns García
Dona Guadalupe Rodríguez Silva

REPRESENTANTES DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE GOBERNO DA USC

Don Miguel de la Calle Amaro
Don José Luís Rodríguez Trigo
Don Juan B. de la Salle Barreiro Pérez

REPRESENTANTES DO CONSELLO SOCIAL NA COMISIÓN DE MECENADO E COLABORACIÓN DA USC

Don Manuel Puga Pereira
Don Enrique Feáns García
Dona María Caeiro Rey

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA SOCIEDADE XESTORA DE INTERESES

Don Óscar Fernández Refoxo

REPRESENTANTE DO CONSELLO SOCIAL NA FUNDACIÓN USC-DEPORTIVA

Don Raúl López López

A C O R D O S

DO PLENO

ACORDOS DO PLENO

Acordos do pleno de 22 de febreiro de 2010:

- Aprobación do orzamento do Consello Social para o ano 2010.
- Aprobación do orzamento da USC para o ano 2010.
- Aprobación da memoria do Consello Social do ano 2009.
- Aprobación da proposta de asignación de complementos retributivos.
- Informe sobre a modificación da Relación de Postos de Traballo do Persoal de Administración e Servizos da USC.
- Proposta de creación e regulamento dos centros singulares de investigación en: Química Biolóxica e Materiais Moleculares; Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas.
- Aprobación de taxas de Cursos de Posgrao e información de memorias
- Aprobación novas titulacións e modificacións de titulacións.
- Aprobación de doazóns.
- Información sobre convenios da Universidade.
- Informe da Vicerreitoría de Política Internacional: Actividades de internacionalizacións.

Acordos do pleno de 6 de abril de 2010:

- Venda da participación da USC na Sociedade Galeras Entreríos SL.
- Informe da Comisión Executiva celebrada o 17 de marzo.
- Informe de modificación da relación de postos de traballo do Persoal Docente e Investigador.
- Aprobación de complementos retributivos.
- Aprobación dos prezos de prazas de aloxamento do SUR da USC para o curso 2010-2011.
- Aprobación da convocatoria de bolsas de comedor do SUR da USC para o curso 2010-2011.
- Aprobación dos prezos de aloxamento do SUR da USC para estudantes de mobilidade internacional para o curso 2010-2011
- Aprobación das bases da convocatoria de prazas de aloxamento do SUR da USC, para membros da Comunidade Universitarias ou persoas que vaian participar nas actividades de verán, durante o período comprendido entre o 1 de xullo e o 16 de setembro de 2010.
- Aprobación de prezos de aloxamento do SUR da USC para visitantes e congresos no curso 2010-2011.
- Aprobación de prezos da Escola Infantil Breogán para o curso 2010-2011.
- Aprobación de novas titulacións adaptadas ao EEES e modificacións de titulacións adaptadas ao EEES.
- Modificación dos regulamentos do "Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares" e do "Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas".
- Aprobación de doazóns a favor da USC e de contrato de comodato en favor da USC.
- Información sobre convenios da Universidade.



*Celebración dunha
sesión ordinaria do
pleno do Consello Social
8 de xullo de 2010*

Acordos do pleno de 15 de xuño de 2010:

- Ratificación dos acordos adoptados na Comisión Executiva celebrada o día 13 de abril: Venda da participación da USC na Sociedade Galeras Entreríos SL; Informe sobre a modificación da RPT de PAS; Informe Económico da USC.
- Ratificación dos acordos adoptados na Comisión Executiva celebrada o día 26 de maio: Informe da auditoría da USC do exercicio económico 2009, e informe da auditoría das sociedades mercantís: Unixest, Unidixital, Uninova, Unirisco e Cursos Internacionais da USC do exercicio económico 2009; Aprobación da conta de liquidación do orzamento e da Memoria Económica do exercicio 2009 e Expediente de incorporación de remanentes; Informe anual sobre Control Interno; Informe sobre a modificación da RPT de PAS; Informe sobre a modificación da RPT de PDI; Aprobación de modificacións de titulacións; Aprobación da creación do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela; Aprobación de Doazóns; Información sobre convenios da Universidade.
- Informe da auditoría da USC do exercicio económico 2009, e informe da auditoría das sociedades mercantís: Unixest, Unidixital, Uninova, Unirisco e Cursos Internacionais da USC do exercicio económico 2009.
- Aprobación da conta de liquidación do orzamento e da Memoria Económica do exercicio 2009 e Expediente de incorporación de remanentes.
- Aprobación da proposta de asignación de complementos retributivos.
- Aprobación de modificacións de titulacións.
- Información de memorias de Cursos de Posgrao.
- Estatutos dos Centros de Investigación Biomédica en Rede (CIBER).
- Informe das propostas de creación e regulamento dos Centros Singulares.
- Aprobación da participación da USC na Fundación Gonzalo López Abente.
- Aprobación de doazóns.
- Información sobre convenios da Universidade.
- Informe sobre o "Campus Lugo 2015".
- Informe sobre os Institutos de Investigación.
- Rogos e Preguntas.

Acordos do pleno extraordinario de 8 de xullo de 2010:

- Proposta de nomeamento da Xerencia da USC
- proxecto de Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducidos á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2010-2011.
- Aprobación de suplemento de crédito.

Acordos do pleno de 28 de outubro de 2010:

- Ratificación dos acordos adoptados na Comisión Executiva celebrada o día 13 de xullo: Aprobación da distribución de 127 bolsas de colaboración do M.E.C. para o curso 2010-2011 destinadas a iniciar nas tarefas de investigación aos alumnos de último curso de segundo ciclo que presten a súa colaboración nun Departamento, en réxime de compatibilidades cos seus estudos; Informe sobre a modificación da RPT do PDI da USC; Informe sobre a modificación da RPT de PAS da USC; Aprobación de taxas de cursos de posgrao propios e información de memorias.
- Ratificación dos acordos adoptados na Comisión Executiva celebrada o día 28 de setembro: Informe sobre o estado de execución do orzamento da USC; Informe sobre anticipos e débedas da USC; Aprobación da actualización de tarifas académicas; Aprobación da integración da USC na Asociación Cluster Alimentario de Galicia; Aprobación de taxas de cursos de posgrao propios; Aprobación de modificacións de titulacións de Másteres Oficiais; Información sobre convenios da Universidade; Informe sobre a modificación da RPT de PDI; Informe sobre a modificación da RPT de PAS; Convocatoria de concurso público das auditorías da USC e sociedades mercantís dos exercicios económicos 2010 e 2011; Elección dun representante do Consello Social na Comisión de Dirección do CIQUS.
- Convocatoria de concurso público das auditorías da USC e sociedades mercantís dos exercicios económicos 2010 e 2011.
- Aprobación de cambio de denominación do Instituto de Medicina Legal.
- Aprobación da proposta de asignación de complementos retributivos autonómicos.
- Aprobación de modificacións de Masteres Oficiais.
- Criterios de execución de obras RAM.
- Aprobación de taxas de cursos de posgrao propios e información de memorias.
- Aprobación de transferencias de crédito.
- Información sobre convenios da Universidade.

Acordos do pleno de 23 de decembro de 2010:

- Ratificación dos acordos adoptados na Comisión Executiva celebrada o día 21 de decembro: Aprobación de transferencia de solicitudes de patente da USC á empresa "Laboratorio CIFGA S.A."; Aprobación de cesión de uso de material da USC e de doazóns en favor da USC; Información sobre convenios da USC; Informe sobre a modificación da RPT do PDI da USC; Informe sobre a modificación da RPT de PAS da USC.
- Prórroga de orzamentos.
- Informe sobre convenio colectivo de PDI.
- Aprobación da proposta de asignación de complementos retributivos.
- Aprobación de modificacións de máster universitario.
- Aprobación de axudas para a escolarización de nenas/os menores de tres anos no Campus de Lugo.
- Aprobación de taxas de cursos de posgrao e informe de memorias.
- Información sobre convenios da Universidade.

REUNIÓN SECOM

MPARECENCIAS

REUNIÓN E COMPARENCIAS



Participación no acto de recoñecemento dos mellores estudantes de ensino medio na selectividade · 9 de xullo de 2010

XORNADAS DE PRESIDENTES E SECRETARIOS DE CONSELLOS SOCIAIS

Xornadas organizadas polo Consello Social da Universidade de Sevilla os días 15 e 16 de abril de 2010

Os asuntos tratados nestas xornadas, que levaron por título "La Responsabilidad Social de la Universidad", foron: "Consejos Sociales, un puente entre la sociedad y la Universidad", e onde se celebraron as seguintes mesas redondas: "El papel de los Consejos Sociales como órganos de participación de la sociedad en la Universidad", "La empresa española; su papel en la Universidad; la investigación universitaria; su papel en la sociedad", "La Universidad y la empresa; financiación y gobernanza, pacto por la Educación" e "Universidad y Sociedad". Así mesmo fixéronse as reunións semestrais tanto de Presidentes como de Secretarios dos Consellos Sociais das Universidades Públicas Españolas.

Xornadas organizadas polo Consello Social da Universidade de Zaragoza os días 25 e 26 de novembro de 2010

Os asuntos tratados nestas xornadas que levaron por título " El aprendizaje a lo largo de la vida, lugar de encuentro entre la Universidad y la Sociedad", foron: "El papel de las Universidades en el marco del aprendizaje a lo largo de toda la vida. Amenazas y oportunidades en tiempos de crisis, "Diagnóstico de la Formación Permanente en España. Desafíos y cambios necesarios en las Universidades", "Sistemas de integración entre la Formación Permanente y la Formación Reglada. Dificultades, tendencias y recomendaciones", "El papel de la Formación Permanente en el EEES y los Campus de Excelencia", "Observación e identificación de necesidades de Formación Permanente. Tendencias, errores más comunes y recomendaciones", "Formación Permanente adaptada a las necesidades de los individuos, las empresas y la sociedad. Interpretaciones erróneas y escenarios futuros en formación permanente", e "El marketing educacional. Comunicación de respuestas a necesidades de formación a través de la captación y fidelización de los clientes de la Formación Permanente". Así mesmo fixéronse as reunións semestrais tanto de Presidentes como de Secretarios dos Consellos Sociais das Universidades Públicas Españolas.

REUNIÓNS DO CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

Reunión do 26 de febreiro de 2010

Os asuntos tratados foron os seguintes:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións do 2 de outubro de 2009 ordinaria, e do 29 de outubro de 2009, extraordinaria.
2. Informe ao Consello Galego de Universidades.
3. Asuntos para coñecemento:
 - Normativa publicada
 - Convocatoria de prazas profesorado universitario contratado
 - Convenios
4. Designación de dous representantes da Universidade Galega no Pleno do Consello da Cultura Galega.
5. Informe sobre solicitudes de autorización de novas titulacións de Doutoramento enviadas polas universidades do Sistema Universitario de Galicia para ser implantadas no curso 2009-2010.
6. Informe sobre as titulacións propias das universidades do SUG.
7. Rogos e preguntas.

Reunión do 14 de maio do 2010

A orde do día da sesión foi a seguinte:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe ao Consello Galego de Universidades.
3. Asuntos para coñecemento:
 - Normativa publicada.
 - Convocatorias de prazas profesorado universitario contratado.
4. Designación de representante, titular e suplente, da universidades públicas de Galicia no Pleno do Observatorio da Sociedade da información e a Modernización da Galicia (OSIMGA).
5. Informe sobre o Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2010/2011.
6. Informe sobre a revogación da autorización de impartición dos títulos de Máster Universitario da Universidade de Vigo en Seguridade Integral na Industria e Contabilidade e Finanzas.
7. Rogos e preguntas.

Reunión do 28 de xullo do 2010

Os temas tratados foron:

1. Aprobación da acta da sesión anterior.
2. Informe do Presidente do Consello Galego de Universidades.
3. Asuntos para coñecemento:
 - Normativa publicada
 - Convocatorias de prazas profesorado universitario contratado
 - Convenios
4. Informes sobre Titulacións:
 - Informe sobre autorización das titulacións do grao e posgrao para implantar no curso 2010-2011.
 - Informe sobre a revogación da autorización de impartición do Máster universitario en Enxeñería para o Medio Rural pola Universidade de Santiago de Compostela.
 - Informe sobre a revogación de autorización de impartición do programa de doutoramento en Economía e Empresa pola Universidade de A Coruña.
5. Informes sobre centros:
 - Informe sobre a cesión da titularidade da escola Universitaria de Maxisterio "María Sedes Sapientae", adscrita á Universidade de Vigo.
 - Informe sobre a supresión dos centros da Universidade de A Coruña Escola Universitaria de Estudos Empresariais e Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais por creación da Facultade de Economía e Empresa.
 - Informe sobre a modificación da denominación da Escola Universitaria de Relacións Laborais da Universidade de A Coruña por Facultade de Ciencias do Traballo.
6. Informe de seguimento anual pola ACSUG dos títulos de grao con plano de viabilidade (apartado 3.2 da Liñas Xerais).
7. Designación de representante do CGU no CONGACODE.
8. Informe sobre o Plan de Financiamento do SUG 2011-2015.
9. Rogos e preguntas.

Reunión extraordinaria do 10 de decembro do 2010

A orde do día da sesión foi a seguinte:

1. Informe sobre o Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015.
2. Informe sobre o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015.

REUNIÓN DA COMISIÓN DE FINANCIAMENTO DO CONSELLO GALEGO DE UNIVERSIDADES

Reunión do 10 de marzo de 2010

Os asuntos tratados foron os seguintes:

1. Constitución da Comisión de Financiamento do Consello Galego de Universidades.
2. Informe do Secretario Xeral de Universidades.
3. Rogos e preguntas.

Reunión do 28 de abril do 2010

A orde do día da sesión foi a seguinte:

1. Aprobación da acta da sesión de constitución.
2. Informe do Secretario Xeral de Universidades sobre os avances na elaboración do Financiamento do SUG..
3. Rogos e preguntas.

Reunión do 4 de xuño do 2010

Os temas tratados foron:

1. Aprobación da acta da sesión anterior.
2. Exame do documento Plan de Financiamento da Universidades de Galicia 2011-2015: Indicadores.
3. Rogos e preguntas.

Reunión do 16 de xullo do 2010

A orde do día da sesión foi a seguinte:

1. Plan de Financiamento do SUG 2011-2015.

Reunión do 20 de setembro do 2010

Os asuntos tratados foron os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión anterior.
2. Análise do Panel de Indicadores do Plan de Financiamento do SUG 2011.2015.
3. Rogos e preguntas

Reunión do 11 de outubro do 2010

A orden do día foi a seguinte:

1. Aprobación da acta da sesión anterior, 16 de xullo de 2010.
2. Aprobación, se procede, do panel de indicadores do Plan de Financiamento das Universidades de Galicia 2011-2015.
3. Orzamentos para o ano 2011.
4. Rogos e preguntas.

REUNIÓN DO CONSELLO DE DIRECCIÓN DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Reunión do 15 de marzo de 2010

A Orde do día da reunión foi a seguinte:

5. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
6. Informe da Presidenta.
7. Asuntos Económicos:
 - Inventario do inmovilizado a 31-XII-2009.
 - Estado de liquidación do orzamento 2009.
 - Modificación do orzamento 2010.
8. Xestión de Calidade:
 - Informe resumo do Sistema de Xestión da calidade e Medio Ambiente.
 - Obxectivos de calidade e medio ambiente.
9. Rogos e preguntas.

Reunión do 21 de setembro de 2010

Os temas tratados foron:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe da Presidenta.
3. Aprobación, se procede, da memoria de actividades da ACSUG 2009.
4. Convenios subscritos pola ACSUG.
5. Aprobación das retribucións a percibir polos Comités de Asesores Expertos.

6. Aprobación, se procede, do cobro de taxas por determinados servizos administrativos prestados pola ACSUG.
7. Asuntos Económicos:
 - Aprobación, se procede, das contas anuais ao 31 de decembro de 2009.
8. Xestión de Calidade:
 - Informe resumo do Sistema de Xestión de Calidade e Medio Ambiente.
9. Rogos e preguntas.

Reunión do 15 de decembro de 2010

A Orde do día da reunión foi a seguinte:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da Presidenta.
3. Aprobación de convenios.
4. Destrución documentación xustificativa dos méritos curriculares das convocatorias de acreditación 2004 e 2005.
5. Aprobación das retribucións a percibir polos Comités Asesores Expertos.
6. Asuntos Económicos:
 - Aprobación, se procede, do orzamento de ingresos e gastos para o exercicio 2011.
7. Planificación de actividades 2011:
8. Xestión de Calidade:
 - Informe resumo do Sistema de Xestión da Calidade e Medio Ambiente.
9. Rogos e Preguntas.

O U T R A S A C

T I V I D A D E S

OUTRAS ACTIVIDADES

Entre as actividades cómpre subliñar as seguintes:

- Asistencia ao acto de San Tomé de Aquino no Campus de Lugo.
- Asistencia ao acto de constitución da Agrupación Estratéxica Campus Vida.
- Asistencia ao acto de recoñecemento das empresas que colaboran coa Universidade de Vigo.
- Asistencia á presentación do Campus Vida ao tecido empresarial galego celebrado no edificio Emprendia.
- Asistencia á celebración do Día Mundial da Muller Traballadora.
- Asistencia á inauguración da exposición "Elas Ensinan".
- Imposición ao presidente do Consello Social da beca do Colexio Maior La Estila.
- Asistencia ao acto de confraternidade académica do Colexio Maior San Agustín.
- Asistencia aos actos de entrega da Medalla de Ouro da USC ao Consorcio do Concello de Santiago de Compostela e a D. Xosé Sánchez Bugallo, Alcalde de Santiago de Compostela.
- Participación na visita que o Ministro de Educación fixo aos edificios Emprendia e CIQUS.
- Asistencia á inauguración da Conferencia Internacional de Universidades Emprendedoras.
- Asistencia á clausura do III Foro de Reitores Hispano-Chino.
- Asistencia ao acto académico de imposición de becas do Colexio Maior San Agustín, do Colexio Maior Fonseca, do Colexio Maior Arosa e do Colexio Maior San Clemente.
- Asistencia ao acto de ingreso como académica da Real Academia de Farmacia de Galicia de D^a M^a José Alonso Fernández.
- Asistencia ao acto de recoñecemento dos maiores de 25 e 45 anos que superaron as probas de acceso á Universidade.
- Asistencia ao acto de entrega de premios da Residencia Universitaria monte da Condesa.
- Asistencia ao acto de conmemoración do día das Letras Galegas organizado pola USC.
- Asistencia aos actos de imposición da Insignia de Ouro da USC a D. Xerardo Fernández Albor, D. Rafael Tojo Sierra, ao pintor D. Antón Lamazares, a título postumo, ao profesor D. Francisco Orallo Cambeiro, e ás diversas persoas que integraron o equipo de goberno que remata o seu mandato.
- Asistencia á inauguración do Museo e Casa do Coñecemento no Vicerreitorado de Lugo.
- Asistencia á inauguración do edificio do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares.
- Asistencia ao acto de presentación do "Plan Estratéxico 2010-2014. Horizonte 2020" organizado pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- Asistencia á inauguración da sede do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural en Lugo.

- Visita ao edificio do Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas.
- Asistencia ao acto de nomeamento de socios de honra da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC a D^a Manuela López Besteiro e a D. Manuel Puga Pereira.
- Asistencia á toma de posesión do profesor D. Juan José Casares Long como novo reitor da USC.
- Asistencia ao acto de recoñecemento ao esforzo dos mellores estudantes de ensino medio de Galicia na selectividade deste ano.
- Asistencia á conmemoración dos XXV anos de actividade formativas da escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela.
- Asistencia ao acto de entrega dos premios da Fundación CEL.
- Asistencia á apertura de curso do Sistema Universitario de Galicia celebrada en Santiago de Compostela.
- Asistencia durante a segunda quincena de setembro e primeira do mes de outubro, á presentación aos alumnos de primeiro, tanto do campus de Santiago como o de Lugo, de carreira dos servizos da USC. Nesta xira por todos os centros da Universidade o secretario presentou o Consello Social e as actividades que se realizan no mesmo a todos os estudantes.
- Asistencia á presentación en Madrid da candidatura da USC de obtención da consideración de Campus Vida como Campus de Excelencia Internacional.
- Asistencia as aperturas do curso académico do Colexio Maior La Estila, e do Colexio Maior San Agustín.
- Asistencia aos actos da festividade de San Alverte Magno na Facultade de Bioloxía.
- Asistencia ao acto de entrega do Premio Fonseca 2010 que este ano recaeu no naturalista británico David Attenborough.
- Participación na constitución dos Consellos de Dirección do CIQUS e CIBUS.
- Asistencia ao acto de inauguración das xornadas de "Emprendemento na integración do Mercado Ibérico" organizadas pola facultade de Económicas e Empresariais.
- Asistencia aos actos académicos da festividade da Patroa da facultade de Farmacia.
- Asistencia á sinatura do "Plan de Financiamento do SUG 2011-2015".

PRÁCTICAS EN EMPRESAS E INSTITUCIÓN

Descrición do Programa de Prácticas

O Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, rexido pola Lei 1/2003, de 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia conforme o establecido na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro de Universidades, é un órgano de goberno garante da participación da sociedade na Universidade.

Baixo esta idea de participación, o Consello Social está a levar un labor de achegamento aos distintos estamentos da sociedade. Cabe destacar a promoción de convenios de colaboración con entidades tanto galegas como de ámbito nacional para a realización de prácticas profesionais nelas por parte dos estudantes da nosa Universidade.

As prácticas están amparadas nos Reais Decretos 1497/81 e 1845/94, de Cooperación Educativa e a normativa de desenvolvemento da propia Universidade de Santiago de Compostela, e non orixinan ningún vínculo laboral entre a empresa e o estudante, senón que ámbolos dous están suxeitos a un convenio de cooperación educativa. Así mesmo poden realizarse en calquera mes do ano (incluídas as vacacións) dentro do horario laboral da entidade colaboradora. En canto a horas totais das prácticas, deberán realizarse como mínimo 120 horas e ata un máximo de 500 horas por titulación.

Entre os beneficios que as empresas ou institucións poden obter coa colaboración no programa de prácticas, podemos salienta os seguintes:

- A posibilidade de realizar estudos sobre temas específicos que consideren necesarios e interesantes.
- Constitúen un medio idóneo para dispoñer de persoas capacitadas e formadas.
- Supoñen un proceso óptimo de selección.
- As empresas amplían a súa esfera de relación, o que xera un mellor coñecemento das mesmas no seu medio, favorecendo novas posibilidades de actuación.
- Colaboran coa sociedade facilitando a formación práctica dos estudantes, o que contribúe a mellorar a capacitación dos futuros directivos e profesionais.

Características das Prácticas

O programa de prácticas está dirixido a todos os estudantes de licenciatura e diplomatura da Universidade de Santiago de Compostela, de calquera titulación, que teñan aprobados o 50 % dos créditos da titulación que cursan.

As prácticas poden realizarse en calquera mes do ano, incluídas as vacacións, dentro do horario laboral da entidade colaboradora.

Os estudantes poden inscribirse a través da páxina web do Consello Social utilizando o seu DNI e a clave da súa tarxeta; tamén poden conseguir o formulario nas nosas dependencias, para ser entregado unha vez impreso e cumprimentado.

Se o estudante coñece algunha empresa coa que desexe realizar as prácticas, acode á mesma co formulario de Adxudicación Directa, e entrégao no Consello Social unha vez cumprimentado.

As prácticas adxudícanse en virtude das titulacións e localidades; no caso de concorrencia de varios estudantes, pola nota media.

Os estudantes están cubertos polo seguro escolar durante a súa estancia na entidade colaboradora.

Ao rematar o seu período de prácticas, os estudantes obterán:

- Certificado curricular: no que se fai constar que o alumno/a realizou prácticas nunha determinada empresa/institución, as tarefas desenvoltas, o período de prácticas e o número total de horas realizado.
- Certificado de créditos: no caso dos estudantes de plans renovados expediráselles un certificado de créditos, a razón de 1 crédito por cada 30 horas de prácticas (hai un número mínimo de horas convalidables - 120 horas - e un tempo máximo - 500 horas). Estes créditos poderán ser imputados como créditos de libre configuración.

Unha vez rematadas as prácticas, a entidade colaboradora debe elaborar un certificado no que consten: o nome do alumno, o nome da empresa /institución, as tarefas desenvoltas, o período das prácticas e o número de horas realizado. Este certificado deberá enviarse: no caso de tratarse dunha empresa de Galicia á Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), e no caso de tratarse dunha empresa de fóra de Galicia ou dunha institución pública ao Consello Social.

Que deben facer as Empresas/Institucións que queiran colaborar co Programa de Prácticas

Deben dirixirse ao Consello Social ou a Confederación de Empresarios de Galicia para solicitar as follas de inscrición (ordinaria ou adxudicación directa).

Existe unha documentación básica que a entidade colaboradora deberá cumprimentar para formalizar as prácticas de cada alumno: oferta de prácticas (indicación das características esenciais das prácticas ofertadas); concerto de colaboración (documento que estipula as condicións das prácticas e que asinan a entidade colaboradora, o Consello Social e, no caso de empresas galegas, a Confederación de Empresarios de Galicia); finalmente a entidade colaboradora debe emitir un certificado final das prácticas.

As entidades colaboradoras que solicitan estudantes en prácticas especificarán na súa solicitude as datas de inicio e fin das prácticas, así como o horario no que se van desenvolver.

Contactos de interese

Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) Consello Social da USC

Rúa do Vilar, 54
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 555 888
Fax: 981 555 882
E-mail: administracion@ceg.es
Páxina web: <http://www.ceg.es>

Casa da Concha. Rúa da Conga, 1
15782 Santiago de Compostela
Tfno: 981 559 932
Fax: 981 588 232
E-mail: csocial@usc.es
Páxina web: <http://www.usc.es/csocal/>

PROGRAMA EUROPRÁCTICUM

Características do Programa:

Europrácticum, en e para Europa, é un proxecto de estancias para a realización de "PRÁCTICAS EN EMPRESAS EUROPEAS PARA TITULADOS DE LA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA", aprobado por primeira vez pola Axencia Nacional Leonardo da Vinci no mes de maio de 2002.

Dirixido a:

Titulados universitarios da Universidade de Santiago de Compostela

Requisitos:

- Ser titulado medio ou superior pola Universidade de Santiago de Compostela.
- Carecer de experiencia laboral superior a un ano (365 días) relacionada coa titulación
- Coñecemento, polo menos, dun idioma dos países de destino.
- Non ter disfrutado doutra bolsa do programa Leonardo da Vinci.

Obxectivo:

Completar a formación académica a través de prácticas laborais en empresas e institucións europeas, coñecendo novas formas de traballo nun ambiente multicultural ao mesmo tempo que se melloran as competencias lingüísticas.

Características das mobilidades:

As mobilidades terán unha duración máxima de seis meses cunha bolsa que cobre os gastos de desprazamento, aloxamento e manutención. O contido das prácticas axustarase ao perfil e formación de cada solicitante.

As prácticas desenvólvense entre novembro do primeiro ano e maio do seguinte.

Os inscritos teñen que superar unha proba de nivel de idioma (a través do Centro de Linguas Modernas), un Curso Preparatorio Pedagóxico e unha entrevista persoal.

Promove:

Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela e a Área de Orientación e Inserción Laboral do Campus de Lugo.

Obxectivos:

O proxecto Europrácticum vai máis alá da realización de estancias, supón o inicio dunha política de mellora das cualificacións dos recen titulados, obxectivo do presente proxecto. A internacionalización, adaptabilidade e mellora das perspectivas dos titulados da USC significan un maior pulo empresarial en Galicia, e redundarán no tecido empresarial dunha rexión que avanza cara a unha converxencia real co resto de Europa.

Os obxectivos do noso proxecto diríxense a obter resultados en tres campos: os beneficiarios das bolsas, as empresas de acollida e a propia Universidade de Santiago de Compostela:

- Beneficiarios das bolsas: complementar a súa formación académica dunha maneira práctica na empresa, e mellorar os coñecementos, habilidades e destrezas dos titulados universitarios.
- Empresas de acollida: enriquecerse co intercambio de titulados procedentes de diferentes sistemas educativos, obter recursos a medida para a súa organización con coñecementos técnicos, capacidade de aprendizaxe e adaptación ao mercado laboral, e mellorar a colaboración entre a Universidade e a empresa
- Universidade de Santiago de Compostela: formar aos profesionais do futuro orientándooos para unha pronta e exitosa inserción laboral, adecuar a formación ao emprego e ás demandas do mercado laboral, servir de nexo de unión entre a Universidade e a sociedade, e mellorar a empregabilidade dos nosos titulados.

Xestión do proxecto:

- Deseño técnico do proxecto.
- Establecemento das tres áreas de actuación e dos obxectivos e actividades previstas para cada unha delas.
- Redeseño da documentación necesaria para o desenvolvemento do proxecto.
- Consenso nos protocolos de actuación.
- Difusión do proxecto Europrácticum.
- Redeseño da imaxe corporativa.
- Elaboración de dípticos e carteis.
- Organización das xornadas de difusión nos dous Campus da Universidade.

EUROPRACTICUM I

En maio de 2002 preséntase á Axencia Nacional Leonardo a candidatura de Europrácticum I, sendo aprobada por este órgano en xullo de 2002.

Dos 654 inscritos nesta convocatoria, aprobaron os exames de idioma un total de **185** titulados, sendo estes os candidatos considerados *aptos* para seguir no proxecto e con posibilidades de optar a unha bolsa.

O 7 de febreiro de 2003 comeza a primeira mobilidade, rematando o 30 de abril de 2004 o proxecto cun total de **63 mobilidades**.

EUROPRÁCTICUM II

En febreiro de 2004 preséntase á Axencia Nacional Leonardo a candidatura de Europrácticum II, sendo aprobada por este órgano en maio de 2004.

A novidade do Europrácticum II con respecto ao primeiro proxecto é a adxudicación directa (30% do total das bolsas), é dicir, o propio bolseiro, unha vez cumpridos os requisitos de calidade (inscrición, proba de idioma, curso, entrevista), pode aportar unha empresa con compromiso de acollida en prácticas.

Dos 660 inscritos nesta segunda convocatoria, aprobaron os exames de idioma un total de **431** titulados, sendo estes os candidatos considerados *aptos* para seguir no proxecto e con posibilidades de optar a unha bolsa.

O 1 de novembro de 2004 comeza a primeira mobilidade, rematando o 31 de maio de 2006 o proxecto cun total de **93 mobilidades**.

Destacar por último que algúns dos egresados que fixeron estas prácticas foron contratados polas empresas de acollida nas que realizaron a mobilidade, e cerca do vinte por cento deles recibiron unha oferta de contrato de traballo, aínda que en diversos casos rexeitárase.

EUROPRÁCTICUM III

De novo en febreiro de 2006 presentamos un novo proxecto que se aproba por parte da Axencia Leonardo en maio dese ano.

Neste proxecto introdúcense dúas novidades no proceso de inscrición:

- Inscrición en dúas fases: primeiro prazo de inscrición do 7 de xullo ao 15 de setembro de 2006, e segundo prazo de inscrición do 1 de marzo ao 15 de abril de 2007.
- Inscrición a través da páxina web: www.usc.es/csocia. A partir de agora pódese facer a inscrición tanto nas oficinas de Santiago e Lugo, como a través da páxina web.

Os requisitos que teñen que cumprir os interesados son practicamente os mesmos que nas anteriores convocatorias, excepto que os titulados han de ser dende xaneiro de 2002 a febreiro de 2007.

O mesmo que en anos anteriores, os inscritos teñen que superar unha proba de nivel de idioma (a través do Centro de Linguas Modernas), un Curso Preparatorio Pedagóxico e unha entrevista persoal.

O 13 de novembro de 2006 comeza a primeira mobilidade, rematando o 23 de maio de 2008 o proxecto cun total de **42 mobilidades**.

EUROPRACTICUM IV

En febreiro de 2008 se presentou por parte da Área de Inserción Laboral do Campus de Lugo un novo proxecto que foi aprobado por parte da Axencia Leonardo en maio dese ano cun total de 60 bolsas.

O papel do Consello Social nesta nova convocatoria se encadra á busca de empresas e ofertas para levar a cabo o proxecto, así como na axuda da parte administrativa do mesmo.

Os requisitos que teñen que cumprir os interesados son os mesmos que nas edicións anteriores, tanto no proceso de inscrición, a superación das probas de idiomas, o Curso Preparatorio Pedagóxico e a entrevista persoal. Todos os trámites administrativos son iguais aos dos outros anos, non habendo nesta edición ningunha novidade.

En Setembro de 2009 comezaron as mobilidades, que remataron en maio de 2010, cun total de **51 mobilidades**.

EUROPRACTICUM V

En febreiro de 2010 se presentou por parte da Área de Inserción Laboral do Campus de Lugo un novo proxecto que foi aprobado por parte da Axencia Leonardo en xuño de 2010.

O papel do Consello Social nesta nova convocatoria se encadra á busca de empresas e ofertas para levar a cabo o proxecto, así como na axuda da parte administrativa do mesmo.

Os requisitos que teñen que cumprir os interesados son os mesmos que nas edicións anteriores, tanto no proceso de inscrición, a superación das probas de idiomas, o Curso Preparatorio Pedagóxico e a entrevista persoal. Todo o trámite administrativo é igual ao dos outros anos, non habendo nesta edición ningunha novidade.

Para este proxecto a Axencia Nacional Leonardo concedeu **34 bolsas de mobilidade**.

BOLSAS DE COLABORACIÓN ASIGNADAS POLO CONSELLO SOCIAL PARA O CURSO ACADÉMICO 2010-2011

DEPARTAMENTO	BOLSAS CONCEDIDAS
ÁLXEBRA	1
ANÁLISE MATEMÁTICA	1
ANATOMÍA E PRODUCCIÓN ANIMAL	0
ANATOMÍA PATOLÓXICA E CIENCIAS FORENSES	1
BIOLOXÍA CELULAR E ECOLOXÍA	2
BIOQUÍMICA E BIOLOXÍA MOLECULAR	0
BOTÁNICA	1
CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN	3
CIENCIAS CLÍNICAS VETERINARIAS	0
CIENCIAS DA COMUNICACIÓN	0
CIENCIAS MORFOLÓXICAS	0
CIRURXÍA	0
DEREITO COMÚN	1
DEREITO MERCANTIL E DO TRABALLO	1
DEREITO PÚBLICO E TEORÍA DO ESTADO	1
DEREITO PÚBLICO ESPECIAL	3
DERMATOLOXÍA E OTORRINOLARINGOLOXÍA	0
DIDÁCTICA DA EXPRESION MUSICAL, PLÁSTICA E CORPORAL	1
DIDÁCTICA DA LINGUA E A LITERATURA E DAS CIENCIAS SOCIAIS	0
DIDÁCTICA DAS CIENCIAS EXPERIMENTAIS	0
DIDÁCTICA E ORGANIZACIÓN ESCOLAR	1
ECONOMÍA APLICADA	1
ECONOMÍA CUANTITATIVA	2
ECONOMÍA FINANCEIRA E CONTABILIDADE	1

DEPARTAMENTO	BOLSAS CONCEDIDAS
EDAFOLOXÍA E QUÍMICA AGRÍCOLA	1
ELECTRÓNICA E COMPUTACIÓN	0
ENFERMERÍA	0
ENXEÑERÍA AGROFORESTAL	12
ENXEÑERÍA QUÍMICA	8
ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA	2
ESTOMATOLOXÍA	8
FARMACIA E TECNOLOXÍA FARMACÉUTICA	7
FARMACOLOXÍA	6
ESTACIÓN HIDROBIOLÓXICA "ENCORO DO CON"	0
FILOLOXÍA FRANCESA E ITALIANA	0
FILOLOXÍA GALEGA	1
FILOLOXÍA INGLESAE ALEMANA	6
FILOSOFÍA E ANTROPOLOXÍA SOCIAL	0
FÍSICA APLICADA	0
FÍSICA DA MATERIA CONDENSADA	1
FÍSICA DE PARTÍCULAS	3
FISIOLOXÍA	4
FISIOLOXÍA VEXETAL	0
FUNDAMENTOS DA ANÁLISE ECONÓMICA	2
HISTORIA CONTEMPORÁNEA E DE AMÉRICA	0
HISTORIA DA ARTE	1
HISTORIA E INSTITUCIÓNS ECONÓMICAS	0
HISTORIA I	3
HISTORIA MEDIEVAL E MODERNA	2
LATÍN E GREGO	2
LINGUA ESPAÑOLA	0

DEPARTAMENTO	BOLSAS CONCEDIDAS
LITERATURA ESPAÑOLA, TEORÍA DA LITERATURA E LINGÜÍSTICA XERAL	4
LÓXICA E FILOSOFÍA MORAL	0
MATEMÁTICA APLICADA	1
MEDICINA	0
MÉTODOS DE INVESTIGACIÓN E DIAGNÓSTICO EN EDUCACIÓN	0
MICROBIOLOXÍA E PARASITOLOXÍA	3
OBSTETRICIA E XINECOLOXÍA	0
ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E COMERCIALIZACIÓN	0
PATOLOXÍA ANIMAL	4
PEDIATRÍA	0
PRODUCCIÓN VEXETAL	3
PSICOLOXÍA CLÍNICA E PSICOBIOLOXÍA	3
PSICOLOXÍA EVOLUTIVA E DA EDUCACIÓN	1
PSICOLOXÍA SOCIAL, BÁSICA E METODOLOXÍA	3
PSQUIATRÍA, RADIOLOXÍA E SAÚDE PÚBLICA	2
QUÍMICA ANALÍTICA, NUTRICIÓN E BROMATOLOXÍA	2
QUÍMICA FÍSICA	0
QUÍMICA INORGÁNICA	1
QUÍMICA ORGÁNICA	3
SOCIOLOXÍA E CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN	0
TEORÍA E HISTORIA DA EDUCACIÓN	2
XENÉTICA	0
XEOGRAFÍA	1
XEOMETRÍA E TOPOLOXÍA	1
ZOOLOXÍA E ANTROPOLOXÍA- FÍSICA Y BILOXÍA ANIMAL	0
INSTITUTO CIENCIAS EDUCACIÓN (I.C.E.)	0
INSTITUTO DE ACUICULTURA	0

DEPARTAMENTO	BOLSAS CONCEDIDAS
INSTITUTO DE BIODIVERSIDADE AGRARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL	1
INSTITUTO DE CERÁMICA	0
INSTITUTO DE CRIMINOLOXÍA	0
INSTITUTO DE DEREITO INDUSTRIAL	1
INSTITUTO DE FARMACIA INDUSTRIAL	0
INSTITUTO DE INFORMÁTICA	0
INSTITUTO DE INVESTIGACIÓNS E ANÁLISES ALIMENTARIO	0
INSTITUTO DE INVESTIGACIÓNS TECNOLÓXICAS	0
INSTITUTO DE MATEMÁTICAS	1
INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL	0
INSTITUTO DE ORTOPEDIA E BANCO DE TECIDOS MUSCULOESQUELÉTICOS	0
INSTITUTO GALEGO DE FÍSICA DE ALTAS ENERXÍAS	0
INSTITUTO LINGUA GALEGA	0
INSTITUTO UNIV. CIENCIAS NEUROLÓXICAS	0
INSTITUTO UNIV.DE ESTUDOS E DESENVOLV.DE GALICIA	0
ESTACIÓ DE BIOLOXÍA MARIÑA DA GRAÑA	0
CENTRO DE LÍNGUAS MODERNAS	0
RIADIT	0
HOSPITAL VETERINARIO ROF CODINA	0
OBSERVATORIO ASTRONÓMICO "RAMÓN MARÍA ALLER"	0
TOTAIS:	127

PREMIO HUMANITAS

Faio do VI Premio Humanitas

O día 19 de xaneiro do 2010 se reuniu o xurado do Premio Humanitas para estudar as candidaturas presentadas á VI edición do mesmo.

O Premio Humanitas, outorgado pola Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC e o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, ten como obxectivo galardoar, aquela acción que se distinga polas súas cualidades humanas mediante a súa dedicación e implicación en actividades solidarias, sociais e humanitarias. Ao premio poden optar todos os membros da comunidade universitaria e os socios da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC.

O xurado, que fallou o premio tras un extenso debate, estivo formado polo Presidente do Consello Social da Universidade Manuel Puga Pereira, e o voceiro do Consello Social, Emilio Crespo Correa, o Presidente da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade, Perfecto Yebra, e a Secretaria da mesma, Luisa Balsa Anido, o Vicerreitor de Comunidade Universitaria e Compromiso Social, D. José Manuel Mayán Santos, e polo gañador da anterior edición do premio, D. José Carlos de Miguel Bouzas.

O xurado decidiu que o premio desta VI edición recaera en **D^a Eugenia Banet López de Rego**, pola súa implicación na axuda de pacientes con anorexia e bulimia, sendo fundadora da Asociación de Bulimia y Anorexia de Galicia (ABAGAL), e colaborando e axudando aos pais e nais de pacientes diagnosticados de Trastornos da Alimentación. Así mesmo quixeron facer mención de todas as candidaturas recibidas, merecedores todas elas dun premio xa que cadanseu no seu eido de actividade fan un labor moi importante en beneficio da sociedade.

LIQUIDACIÓN

TODOS CONSE

D O O R Z A M E N

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONSELLO SOCIAL

E L L O S O C I A L



ESTADO DE EXECUCIÓN

Exercicio orzamentario: 2010

PARTIDA	TIPO	CLAVE VENC.	TÍTULO	CINICIAL	TOT MOD POS	TOT MOD NEG	C DEFINITIVO	TOT AUTS	TOT ÓRZ.	C DISPONIBLE
CAPÍTULO 2º:										
8070-3000-21200	A	CAP II CS	REPARACION EDIFICIOS E OTRAS CONSTRUCCIONS	1.000,00	0,00	0,00	1.000,00	1.758,38	1.758,38	-758,38
8070-3000-21300	A	CAP II CS	REPARACION E MANTENIMENTO DE MAQUINARIA	1.000,00	0,00	0,00	1.000,00	0,00	0,00	1.000,00
8070-3000-21500	A	CAP II CS	REPARACION MOBILAXE	1.000,00	0,00	0,00	1.000,00	0,00	0,00	1.000,00
8070-3000-22000	A	CAP II CS	GASTOS CORRENTES	9.600,00	0,00	0,00	9.600,00	3.827,24	3.827,24	5.772,76
8070-3000-22100	A	CAP II CS	SUBMINISTRACIONES	500,00	0,00	0,00	500,00	0,00	0,00	500,00
8070-3000-22200	A	CAP II CS	COMUNICACIONES	4.000,00	0,00	0,00	4.000,00	822,82	822,82	3.177,18
8070-3000-22300	A	CAP II CS	TRANSPORTES	5.000,00	0,00	0,00	5.000,00	241,51	241,51	4.758,49
8070-3000-22400	A	CAP II CS	PRIMAS Y SEGUROS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
8070-3000-22801	A	CAP II CS	ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	5.000,00	0,00	0,00	5.000,00	987,74	987,74	4.012,26
8070-3000-22802	A	CAP II CS	INFORMACION E DIVULGACION	25.000,00	0,00	0,00	25.000,00	3.857,31	3.857,31	21.342,69
8070-3000-22700	P	CAP II CS	TRABALLOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS	40.000,00	30.000,00	0,00	70.000,00	62.237,20	62.237,20	7.762,80
8070-3000-22800	A	CAP II CS	CURSOS E CONFERENCIAS	1.000,00	0,00	0,00	1.000,00	4.700,00	4.700,00	-3.700,00
8070-3000-23000	A	CAP II CS	AUXILIOS DE CUSTO E LOCOMOCION	9.000,00	0,00	0,00	9.000,00	12.930,48	12.930,48	-3.930,48
8070-3000-23300	A	CAP II CS	OUTRAS INDEMINIZACIONES	9.000,00	0,00	0,00	9.000,00	8.151,61	8.151,61	848,39

PARTIDA	TIPO	CLAVE VENC.	TITULO	CINICIAL	TOT MOD POS	TOT MOD NEG	C DEFINITIVO	TOT AUTS	TOT ORZ.	C DISPONIBLE	
CAPÍTULO 2º:											
TOT CAPÍTULO 2º:					111.100,00	30.000,00	0,00	141.100,00	99.314,28	99.314,28	41.785,71
CAPÍTULO 4º:											
8070-4000-48400	A	CAP IV	PREMIO HUMANITAS	1.500,00	0,00	0,00	1.500,00	1.500,00	1.500,00	1.500,00	0,00
8070-4821-48300	A	CAP IV CS	ASOCIACION DE ANTIGOS ALUMNOS	15.750,00	5.250,00	0,00	21.000,00	21.000,00	21.000,00	21.000,00	0,00
TOT CAPÍTULO 4º:					17.250,00	5.250,00	0,00	22.500,00	22.500,00	22.500,00	0,00
CAPÍTULO 6º:											
8070-3000-62600	A		MOBILIARIO E EQUIPAMENTO	0,00	12.000,00	0,00	12.000,00	1.866,47	1.866,47	1.866,47	10.133,53
8070-R094-64300	A		SUBVENCION XUNTA DE GALICIA AREA INSER. LABORAL	0,00	900,00	0,00	900,00	0,00	0,00	0,00	900,00
TOT CAPÍTULO 6º:					0,00	12.900,00	0,00	12.900,00	1.866,47	1.866,47	11.033,53
TOT CENTRO:					128.350,00	48.150,00	0,00	176.500,00	123.680,75	123.680,75	52.819,24

eSiclus

Página 2 de 2

INFORMED AA

ANCEIRADAU

UDITORÍA FIN

INFORME DA AUDITORÍA FINANCEIRA DA UNIVERSIDADE

NIVERSIDADE

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS

Ao Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

1. Vimos de auditar as contas anuais da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, a Universidade), que abranguen o balance ao 31 de decembro de 2009, a conta do resultado económico-patrimonial, o estado de liquidación do orzamento e a memoria explicativa correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data, cuxa formulación é responsabilidade da Gerencia da Universidade. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobor das citadas contas anuais no seu conxunto, baseada no traballo realizado. Excepto polas salvedades mencionadas nos parágrafos 3 e 4, o traballo realizouse de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que requiren o exame, mediante a realización de probas selectivas, da evidencia xustificativa das contas anuais e a avaliación da súa presentación, dos principios contables e orzamentarios aplicados e das estimacións realizadas.
2. De acordo coa normativa aplicable, o Xerente presenta, a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance e da conta do resultado económico-patrimonial, ademais das cifras do exercicio 2009, as correspondentes ao exercicio anterior. A nosa opinión se refire exclusivamente ás contas anuais do exercicio 2009. Con data de 18 de maio de 2009, emitimos o informe de auditoría sobor das contas anuais do exercicio 2008 no que expresamos unha opinión con salvedades.
3. A Universidade, de acordo con establecido no artigo 83 do convenio colectivo do persoal laboral en vigor, ten estipulada unha gratificación por xubilación anticipada a partir dos 60 anos. A Universidade non realizou ningún cálculo actuarial que permita estimar de forma razoable se a provisión dotada por importe de 108.199,93 euros é suficiente para cubrir as obrigas futuras co seu persoal por este concepto.
4. La Universidade provisionou ao 31 de decembro de 2009 na contabilidade financeiro-patrimonial o importe de aquelas facturas que, sendo recibidas no 2010, corresponden a bens e servizos recibidos ou prestados no 2009, por un total de 738.386,94 euros. Este importe, nembargante, non se atopa recoñecido na execución do orzamento de gastos do exercicio 2009. Durante o transcurso do noso traballo verificamos que esta provisión atópase infravalorada en, al menos, 404.173,59 euros. Non obstante o anterior, non foi posible estimar o importe ó que finalmente podería ascender esta provisión, toda vez que con data posterior ao análise se veñen recibindo facturas ás consideradas no cálculo anterior.

5. Na nosa opinión, excepto polos efectos de aqueles axustes que poderían considerarse necesarios de non ter existido as limitacións ao alcance descritas nos parágrafos 3 e 4, as contas anuais do exercicio 2009 adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Universidade de Santiago de Compostela ao 31 de decembro de 2009, do resultado económico-patrimonial, e da liquidación do orzamento do exercicio anual terminado en dita data, e conteñen a información necesaria e suficiente para a súa interpretación e comprensión axeitada, de conformidade con principios e normas de contabilidade pública e orzamentaría xeralmente aceptados que gardan uniformidade cos aplicados no exercicio anterior.

16 de abril de 2010

O presente informe consiste nunha tradución ó galego do emitido en castelán con data 16 de abril de 2010 e asinado por D. Alejandro Martínez Gómez coma Socio de ATD Auditores Sector Público, S.L. (Sociedade inscrita no R.O.A.C. nº S-1310)

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS

Ao accionista único de **Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela, S.L.U.**:

1. Asesoramos as contas anuais de **Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela, S.L.U.**, que abranguen o balance de situación de pemes a trinta e un de decembro de dous mil nove, a conta de perdas e ganancias, o estado de trocos no patrimonio neto e a memoria de pemes correspondentes ao exercizo anual rematado na devandita data, cuxa formulación é responsabilidade dos administradores da Sociedade. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as citadas contas anuais no seu conxunto, baseada no traballo realizado. Agás o razoamento mencionado no parágrafo 3, o traballo realizouse de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que requiren o exame, mediante a realización de probas selectivas, da evidencia xustificativa das contas anuais e a avaliación da súa presentación, dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas. O noso traballo non incluíu a auditoría das contas anuais de dous mil oito e dous mil sete das sociedades Unirisco Galicia, S.A.R.C., Sociedade Advanced in Vitro Cell Technologies, S.L. e Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A, nas que Sociedade Xestora de Intereses Económicos da Universidade de Santiago de Compostela, S.L.U. participa nun 20,08%, 3,30% e 2% respectivamente, cuxo valor contable, segundo se reflexa na nota 6 da memoria ascenden a 508.759,33 euros, 246.165,63 euros e 41.210,10 euros, respectivamente. As mencionadas contas anuais de Unirisco Galicia, S.A.R.C. e Advanced in Vitro Cell Technologies, S.L. foron asesoradas por outros auditores e a nosa opinión expresada neste informe sobre as contas anuais de Sociedade Xestora de Intereses Económicos da Universidade de Santiago de Compostela, S.L.U. baséase, no relativo á participación en Unirisco Galicia, S.A.R.C. e Advanced in Vitro Cell Technologies, S.L. e Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A, unicamente no borrador de informe dos auditores das dúas primeiras Sociedades e no informe do auditor de Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

2. De acordo coa lexislación mercantil, os administradores presentan, a efectos comparativos, cada unha das partidas do balance de situación, da conta de perdas e ganancias, do estado de trocos no patrimonio neto e da memoria de contas anuais, ademais das cifras do exercizo 2009, as correspondentes ao exercizo anterior. Con data 12 de xuño de 2009 emitimos o noso informe de auditoría sobor das contas anuais do exercizo 2008, no que expresamos unha opinión con razoamentos.
3. Na nosa opinión, baseada na nosa auditoría e nos informes dos outros auditores, as contas anuais de pemes do exercizo dous mil nove adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira de **Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela, S.L.U.** a trinta e un de decembro de dous mil nove e dos resultados das súas operacións e dos trocos no patrimonio neto durante o exercizo anual rematado na devandita data, e conteñen a información necesaria e suficiente para a súa interpretación e comprensión adecuada, de conformidade cos principios e normas contables xeralmente aceptados na normativa española que resultan de aplicación, e que gardan uniformidade cos aplicados no exercizo anterior.

16 de abril de 2010

O presente informe consiste nunha tradución ao galego do emitido en castelán con data 16 de abril de dous mil dez e asinado por D. Alejandro Martínez Gómez como Socio de ATD Auditores Sector Público, S.L. (Sociedade inscrita no R.O.A.C. nº S-1310)

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS

Aos Socios de **UNIDIXITAL, S.L.**:

1. Asesoramos as contas anuais de **UNIDIXITAL, S.L.**, que abranguen o balance de situación de pemes a 31 de decembro de 2009, a conta de perdas e ganancias, o estado de trocos no patrimonio neto e a memoria de pemes, correspondentes ao exercizo anual rematado na devandita data, cuxa formulación é responsabilidade dos administradores da Sociedade. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as citadas contas anuais no seu conxunto, baseada no traballo realizado de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que requiren o exame, mediante a realización de probas selectivas, da evidencia xustificativa das contas anuais e a avaliación da súa presentación, dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas.
2. De acordo coa lexislación mercantil, os administradores presentan, a efectos comparativos, cada unha das partidas do balance de situación, da conta de perdas e ganancias, do estado de trocos no patrimonio neto e da memoria de contas anuais, ademais das cifras do exercizo 2009, as correspondentes ao exercizo anterior. A nosa opinión refírese exclusivamente ás contas anuais do exercizo 2009. Con data 12 de xuño de 2009 emitimos o noso informe de auditoría sobor das contas anuais do exercizo 2008, no que expresamos unha opinión sen razoamentos.

3. Na nosa opinión as contas anuais de pemes do exercicio 2009 adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira de **UNIDIXITAL, S.L.** a 31 de decembro de 2009 e dos resultados das súas operacións e dos trocos no patrimonio neto durante o exercicio anual terminado na devandita data, e conteñen a información necesaria e suficiente para a súa interpretación e comprensión adecuada, de conformidade cos principios e normas contables xeralmente aceptados na normativa española que resultan de aplicación e que gardan uniformidade cos aplicados no exercizo anterior.

16 de abril de 2010

O presente informe consiste nunha tradución ó galego do emitido en castelán con data 16 de abril de 2010 e asinado por D. Alejandro Martínez Gómez coma Socio de ATD Auditores Sector Público, S.L. (Sociedade inscrita no R.O.A.C. nº S-1310)

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS

Aos Socios de **Cursos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela, S.A.:**

1. Asesoramos as contas anuais de **Cursos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela, S.A.**, que abranguen o balance de situación de pemes a 31 de decembro de 2009, a conta de perdas e ganancias, o estado de trocos no patrimonio neto e a memoria de pemes, correspondentes ao exercizo anual rematado na devandita data, cuxa formulación é responsabilidade dos administradores da Sociedade. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as citadas contas anuais no seu conxunto, baseada no traballo realizado de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que requiren o exame, mediante a realización de probas selectivas, da evidencia xustificativa das contas anuais e a avaliación da súa presentación, dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas.
2. De acordo coa lexislación mercantil, os administradores presentan, a efectos comparativos, cada unha das partidas do balance de situación, da conta de perdas e ganancias, do estado de trocos no patrimonio neto e da memoria de contas anuais, ademais das cifras do exercizo 2009, as correspondentes ao exercizo anterior. A nosa opinión refírese exclusivamente ás contas anuais do exercizo 2009. Con data 12 de xuño de 2009 emitimos o noso informe de auditoría sobor das contas anuais do exercizo 2008, no que expresamos unha opinión sen razoamentos.

3. Na nosa opinión as contas anuais de pemes do exercicio 2009 adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira de **Cursos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela, S.A.** a 31 de decembro de 2009 e dos resultados das súas operacións e dos trocos no patrimonio neto durante o exercicio anual terminado na devandita data, e conteñen a información necesaria e suficiente para a súa interpretación e comprensión adecuada, de conformidade cos principios e normas contables xeralmente aceptados na normativa española que resultan de aplicación e que gardan uniformidade cos aplicados no exercizo anterior.

16 de abril de 2010

O presente informe consiste nunha tradución ó galego do emitido en castelán con data 16 de abril de 2010 e asinado por D. Alejandro Martínez Gómez coma Socio de ATD Auditores Sector Público, S.L. (Sociedade inscrita no R.O.A.C. nº S-1310)

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS

Aos Socios de **Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L.**:

1. Asesoramos as contas anuais de **Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L.**, que abranguen o balance de situación de pemes a 31 de decembro de 2009, a conta de perdas e ganancias, o estado de trocos no patrimonio neto e a memoria de pemes, correspondentes ao exercizo anual rematado na devandita data, cuxa formulación é responsabilidade dos administradores da Sociedade. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as citadas contas anuais no seu conxunto, baseada no traballo realizado de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que requiren o exame, mediante a realización de probas selectivas, da evidencia xustificativa das contas anuais e a avaliación da súa presentación, dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas.
2. De acordo coa lexislación mercantil, os administradores presentan, a efectos comparativos, cada unha das partidas do balance de situación, da conta de perdas e ganancias, do estado de trocos no patrimonio neto e da memoria de contas anuais, ademais das cifras do exercizo 2009, as correspondentes ao exercizo anterior. A nosa opinión refírese exclusivamente ás contas anuais do exercizo 2009. Con data 12 de xuño de 2009 emitimos o noso informe de auditoría sobre as contas anuais do exercizo 2008, no que expresamos unha opinión sen razoamentos.

3. Na nosa opinión as contas anuais de pemes do exercicio 2009 adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira de **Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L** a 31 de decembro de 2009 e dos resultados das súas operacións e dos trocos no patrimonio neto durante o exercicio anual terminado na devandita data, e conteñen a información necesaria e suficiente para a súa interpretación e comprensión adecuada, de conformidade cos principios e normas contables xeralmente aceptados na normativa española que resultan de aplicación e que gardan uniformidade cos aplicados no exercizo anterior.

16 de abril de 2010

O presente informe consiste nunha tradución ó galego do emitido en castelán con data 16 de abril de 2010 e asinado por D. Alejandro Martínez Gómez coma Socio de ATD Auditores Sector Público, S.L. (Sociedade inscrita no R.O.A.C. nº S-1310)

APÉNDICE REGULAMENTO DO

APÉNDICE

REGULAMENTO DO CONSELLO SOCIAL

CONSELLO SOCIAL

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TÍTULO 1º

Definición, funcións e competencias do Consello Social.

Artigo 1.

O Consello Social é o órgano de participación da sociedade galega na Universidade de Santiago de Compostela, que impulsa a colaboración entre esta e aquela mediante a satisfacción pola universidade das necesidades do seu entorno, contribuíndo eficazmente ao desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico e cultural de Galicia, á mellora da calidade do servizo público da educación superior universitaria e á obtención dos recursos precisos para procurar a súa suficiencia económica e financeira.

Artigo 2.

Correspóndelle ao Consello Social as funcións que lle encomende a Lei e os Estatutos da Universidade, e en particular as seguintes:

1. De relación entre a universidade e a sociedade.
 - a) Promover o coñecemento mutuo entre a universidade e a sociedade, favorecendo e organizando eventos que difundan nesta o labor universitario e transmitindo a aquela as aspiracións das forzas sociais de Galicia.
 - b) Fomentar a colaboración da sociedade no financiamento do ensino e da investigación da universidade, contribuíndo á captación de recursos económicos externos.
 - c) Aprobar, con carácter anual, unha memoria das súas actividades, que remitirá o Parlamento de Galicia e a consellería competente en materia universitaria.
 - d) Realizar estudos sobre materias da súa competencia, e, en particular, sobre a adecuación da oferta de titulacións e o contido dos plans de estudos da universidade ás necesidades sociais, sobre o rendemento académico do alumnado e a inserción laboral dos titulados universitarios, sobre a investigación desenvolvida na universidade e a transferencia á sociedade dos resultados da mesma e sobre calquera outra cuestión proposta pola consellería competente en materia universitaria, de acordo coas funcións propias deste órgano.

- e) Impulsar aquelas actuacións que permitan un maior achegamento dos estudantes universitarios ás demandas do mercado laboral, e, en especial, a celebración de convenios entre a universidade e outras entidades públicas e privadas orientadas a completar a formación dos alumnos e titulados da universidade e facilitar o acceso dos mesmos ao mundo profesional.
 - f) Estimular a actividade investigadora da universidade, especialmente no relativo a súa vinculación cos sectores produtivos, apoiando os proxectos de investigación e desenvolvemento compartidos entre a universidade, as empresas e o tecido social, así como as políticas de transferencia e difusión dos resultados obtidos nas investigacións universitarias.
 - g) Favorecer as actividades orientadas a completar a formación científica, cultural e humanística dos universitarios, apoiando as súas manifestacións no seo da universidade e asegurando a súa extensión ao conxunto da sociedade galega.
 - h) Outorgar, no seu caso, premios, distincións e recoñecemento no ámbito das súas competencias.
2. De carácter económico, financeiro e patrimonial.
- a) Supervisar as actividades de carácter económico da universidade.
 - b) Aprobar, a proposta do Consello de Goberno, a programación plurianual da universidade, así como realizar o seu seguimento.
 - c) Aprobar, a proposta do Consello de Goberno, o orzamento da universidade. Os órganos responsables da execución do orzamento deberán informar ao Consello Social do estado de execución nas condicións que determine o seu Regulamento de Organización e Funcionamento.
 - d) Aprobar, con carácter previo a súa rendición ante o órgano de fiscalización da Comunidade Autónoma, as contas anuais da universidade e das sociedades, fundacións ou outras entidades nas que o capital ou fondo patrimonial equivalente teña participación maioritaria a universidade, calquera que sexa a forma xurídica que adopten as mesmas, podendo o Consello Social acordar motivadamente a realización de auditorías externas.
 - e) Fixar os prezos das ensinanzas propias, dos cursos de especialización e os referentes ás demais actividades autorizadas polas universidades, así como informar en materia de prezos públicos dos estudos universitarios oficiais, dentro dos límites que estableza o Consello de Coordinación Universitaria.
 - f) Aprobar, con carácter previo a súa remisión á Xunta de Galicia para a súa autorización, as propostas de operacións de endebedamento.

- g) Informar sobre o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do persoal docente e investigador da universidade, especificando a totalidade dos seus custos, as súas modificacións e os gastos que supoñen, así como informar, con carácter previo a súa celebración, sobre os convenios colectivos do persoal docente e investigador contratado pola universidade.
- h) Acordar, a proposta do Consello de Goberno da universidade e dentro dos límites fixados pola Comunidade Autónoma, a asignación singular e individual de retribucións adicionais ligadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión a membros do persoal docente e investigador da universidade, previa valoración dos mesmos pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia ou, no seu caso, pola Axencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación, ou por calquera outro órgano de avaliación que determinen leis doutras comunidades autónomas, sempre que exista previo convenio ou concerto coa Comunidade Autónoma Galega. O Consello Social poderá pedir informe dos centros a que pertenza ou estea adscrito o profesorado afectado por tales acordos, co obxecto de motivar a súa decisión.
- i) Informar sobre o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos da universidade, as súas modificacións e os gastos que supoñen, especificando a totalidade dos seus custos, así como informar, con carácter previo a súa formalización, sobre os convenios colectivos do persoal de administración e servizos en réxime laboral da universidade.
- j) Aprobar a proposta do Consello de Goberno, os regulamentos internos que regulan a xestión contractual e patrimonial da universidade.
- k) Ser informado dos contratos ou convenios en que a universidade sexa parte e daqueles que se celebren ao amparo do artigo 83 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades.
- l) Aprobar, con carácter previo a súa realización, os actos de disposición sobre bens inmobles e mobles de extraordinario valor da universidade e a desafectación dos seus bens de dominio público. A tal efecto as universidades contarán cun inventario, que haberán de remitir ao Consello Social de acordo co que se estipule no seu regulamento de réxime interno.
- m) Aprobar, a proposta do Consello de Goberno, a aceptación pola universidade de herdanzas, doazóns ou legados.
- n) Informar sobre a creación ou adscrición de colexios maiores e residencias universitarias.
- o) Aprobar a creación, modificación substancial ou extinción das sociedades, fundacións ou outras entidades nas que o capital ou fondo patrimonial teña participación a universidade, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, así como a súa integración nas mesmas.

3. De supervisión das actividades universitarias e relativas á actividade do Consello Social.
 - a) Supervisar o rendemento e calidade dos servizos universitarios, formulando, no seu caso, suxerencias e propostas ao Consello de Goberno da universidade, orientadas a promover a excelencia do ensino, investigación, xestión e servizos.
 - b) Solicitar, de ser o caso, das administracións públicas a realización de informes e inspeccións dos servizos que presta a universidade, especialmente os de ensino, investigación, xestión e servizos, oído o Consello de Goberno.
 - c) Propoñer motivadamente á Xunta de Galicia, previo informe do Consello de Goberno da universidade, a implantación e supresión de ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. No caso de que a iniciativa partira da Comunidade Autónoma, deberá contar co acordo do Consello Social.
 - d) Propoñer motivadamente á Xunta de Galicia, previo informe do Consello de Goberno da universidade, a creación, modificación ou supresión de facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores e escolas universitarias ou escolas universitarias politécnicas. No caso de que a iniciativa partira da Comunidade Autónoma, deberá contar co acordo do Consello Social.
 - e) Propoñer á Xunta de Galicia, previo informe do Consello de Goberno da universidade e antes da súa celebración, a aprobación dos convenios de adscrición ou dos convenios ou acordos de desadscrición á universidade de centros docentes para impartir estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.
 - f) Propoñer á Xunta de Galicia, previo informe do Consello de Goberno da universidade, a creación ou supresión de institutos universitarios de investigación. No caso de que a iniciativa partira da Comunidade Autónoma, deberá de contar co acordo do Consello Social.
 - g) Propoñer á Xunta de Galicia, previo informe do Consello de Goberno da universidade e antes da súa celebración, a aprobación dos convenios de adscrición ou dos convenios ou acordos de desadscrición á universidade de institucións ou centros de investigación como institutos universitarios de investigación. No caso de que a iniciativa partira da Comunidade Autónoma, deberá de contar co acordo do Consello Social.
 - h) Propoñer motivadamente, para a súa posterior aprobación pola Xunta de Galicia, a creación, modificación ou supresión no estranxeiro de centros dependentes da universidade para a impartición de ensinanzas conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como a impartición en centros dependentes da universidade de ensinanzas conducentes á obtención de títulos estranxeiros de educación superior universitaria.

- i) Acordar, co reitor, nos termos previstos na Lei orgánica de universidades, o nomeamento do xerente.
- j) Informar sobre os procedementos que estableza a universidade para a admisión de estudantes.
- k) Aprobar, previo informe do Consello de Coordinación Universitaria, as normas que regulen o progreso e permanencia dos estudantes na universidade.
- l) Promover, co obxecto de que ninguén quede excluído do estudo na universidade por razóns económicas, as bases da política de bolsas, axudas e créditos para o estudo e a investigación que, de ser o caso, outorgue a universidade con cargo aos seus orzamentos, así como propoñer ás restantes administracións competentes a adopción de medidas con relación as súas políticas de bolsas, axudas e créditos aos estudantes universitarios.
- m) Designar, de entre os seus membros pertencentes á representación social, os representantes do Consello Social nas entidades e institucións que corresponda, e, en particular, aos tres representantes do órgano no Consello de Goberno da universidade.
- n) Propoñer o cese dalgún dos seus membros á autoridade, entidade ou institución que o designase, previa declaración da súa situación de incompatibilidade ou incumprimento grave ou reiterado das súas obrigas.
- o) Informar á Xunta de Galicia sobre o réxime de retribucións ou indemnizacións dos seus membros, con arranxo ao disposto no artigo 11.2 f) da Lei 1/2003 de 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia.
- p) Acordar a constitución de comisións temporais.

Artigo 3.

1. O Consello Social, no exercicio das súas competencias, goza de plena independencia.
2. Os membros do Consello Social desenvolverán as súas competencias velando polos intereses xerais da institución universitaria.

Artigo 4.

O Consello Social disporá dos recursos económicos suficientes que a Consellería de Economía e Facenda habilite para o cumprimento das súas funcións, e terá asignadas partidas propias nos Orzamentos Xerais da Universidade.

TÍTULO 2º

Da composición do Consello Social

Artigo 5.

1. O Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela estará integrado polos seguintes membros, de conformidade o disposto pola Lei de Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia e os Estatutos da Universidade:
 - a) O presidente, designado de conformidade co artigo 17.1 da Lei 1/2003, de 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia.
 - b) O reitor da universidade, o secretario xeral e o xerente da universidade.
 - c) Un profesor, un estudante e un representante do persoal de administración e servizos, elixidos polo Consello de Goberno da Universidade de entre os seus membros por maioría absoluta e de xeito que garanta a representación dos campus de Santiago de Compostela e Lugo.
 - d) Seis membros designados polo Parlamento de Galicia.
 - e) Seis membros designados pola Xunta de Galicia.
 - f) Dous membros designados polos sindicatos máis representativos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - g) Catro membros designados polas organizacións empresariais máis representativas dos sectores estratéxicos da economía galega, na área de influencia da universidade.
 - h) Un membro designado pola corporación do Concello de Santiago.
 - i) Un membro designado pola corporación do Concello de Lugo.
2. O presidente do Consello Social será nomeado por decreto de presidente da Xunta de Galicia. Os restantes acordos de designación de membros do Consello Social seranlle comunicados ao conselleiro competente en materia universitaria, quen procederá ao seu nomeamento mediante orde da súa consellería. O decreto e as ordes de nomeamento deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia. A condición de membro do Consello Social adquirese unha vez cumpridos os requisitos de designación, nomeamento e publicación no Diario Oficial de Galicia, e produce efectos a partir desa data.
3. Os membros do Consello Social desempeñarán os seus cargos persoalmente, sen que poidan delegar as súas competencias nin o seu voto en ningún caso.

Artigo 6.

1. O presidente do Consello Social ostenta, para todos os efectos, a representación legal do mesmo.
2. Será designado polo Presidente da Xunta de Galicia, entre personalidades da vida cultural, profesional, económica laboral e social non pertencentes á comunidade universitaria, a proposta do conselleiro competente en materia universitaria, previa comunicación ao reitor da universidade.
3. O seu mandato é de catro anos, renovable por unha soa vez.
4. Exerce, no Pleno e en todas as Comisións, as competencias propias da presidencia dun órgano colexiado, con voto de calidade no caso de empate.
5. Son funcións do presidente:
 - a) Garantir o cumprimento das funcións e competencias do Consello Social.
 - b) Convocar, fixando a orde do día, e presidir as sesións do Consello Social.
 - c) Abrir e levantar as sesións, dirixir a deliberación, conceder e denegar a palabra, determinar, de ser o caso, os tempos de intervención e decidir co seu voto de calidade no caso de empate.
 - d) Coordinar as actividades dos membros, e dos órganos do Consello.
 - e) Invitar aos Plenos, con voz pero sen voto, a todas aquelas persoas que considere oportuno en razón dos temas que se traten.
 - f) Delegar, no caso de ausencia, vacante ou enfermidade, no conselleiro que designe de entre os membros que representan os intereses sociais.
 - g) Nomear e dispoñer o cese do secretario do Consello Social.
 - h) Ordenar a execución dos acordos do Consello Social.
 - i) Reclamar das autoridades académicas, administracións públicas ou de calquera outra entidade privada, cantos informes, estudos e ditames que considere oportunos.
 - j) Control dos servizos do Consello Social e da execución do seu presuposto.
 - k) Calquera outra que puidera ser útil para o bo funcionamento do Consello Social.

Artigo 7.

Son dereitos dos conselleiros:

1. Presentar mocións ou suxerencias para a deliberación e adopción de acordos ou recomendacións polo Pleno ou para o seu estudo nunha comisión.
2. Recibir a convocatoria que conterà a orde do día das sesións ordinarias e extraordinarias.
3. Asistir con voz ás sesións dos órganos de que formen parte, exercer o seu dereito de voto e formular votos particulares.
4. Ser informado de canto aconteza no Consello Social e que interese para o seu bo funcionamento.
5. Conseguir, a través do presidente do Consello Social, canta información, datos ou documentos considerados necesarios para o exercicio das súas funcións.
6. Percibir as dietas e gastos de locomoción no exercicio dos seus cargos.

Artigo 8.

Son deberes dos conselleiros:

1. Asistir ás sesións do Pleno e ás das Comisións de que formen parte.
2. Executar cantos cometidos lles sexan encomendados por razóns dos seus cargos.
3. Poñer en coñecemento do Consello Social calquera información que poida afectar ás actuacións ou competencias do mesmo.
4. Gardar secreto sobre as deliberacións internas, así como sobre as materias e actuacións que expresamente se declaren reservadas.
5. Observar en todo momento a normativa de incompatibilidades.

Artigo 9. Cese e substitución.

1. Os membros do Consello Social cesarán:
 - a) Por expiración do período de mandato. Non obstante, continuarán nas súas funcións ata a toma de posesión dos novos membros.
 - b) Por renuncia, incapacidade declarada por resolución xudicial firme, morte ou declaración de falecemento.
 - c) A renuncia haberá de presentarse por escrito á autoridade, entidade ou institución designante e ao presidente do Consello Social, quen lla comunicará á Consellería competente en materia universitaria, e se publicará no Diario Oficial de Galicia, data dende a que surtirá efectos.

- d) Por condena xudicial firme que ocasione a inhabilitación ou suspensión de emprego ou cargo público.
 - e) Por decisión da autoridade, entidade ou institución que o designara.
 - f) Por incumprimento grave ou reiterado nas súas obrigas.
2. As vacantes que se produzan antes da finalización do mandato haberán de cubrirse pola autoridade, entidade ou institución correspondente no prazo máximo de tres meses. Se non se comunicara o acordo de designación dentro do anterior prazo o conselleiro competente en materia universitaria, o posto permanecerá vacante ata o remate do correspondente mandato.
 3. En todo caso, o membro substituto entenderase nomeado polo período que reste do anterior mandato.
 4. No caso dos representantes do Consello de Goberno da Universidade terase en conta o establecido nos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 10.

O Pleno poderá propoñer o cese dalgún conselleiro á autoridade ou órgano que o designou nos seguintes casos:

- a) Se no prazo de tres meses dende que conorra nun conselleiro unha causa de incompatibilidade, e este non elixira un posto ou outro en dito prazo.
- b) A non asistencia non xustificada a máis de dúas sesións seguidas do Pleno ou a non asistencia descontinua e inustificada a máis de catro sesións do Pleno nun ano.
- c) A non asistencia inustificada a máis de tres sesións seguidas da Comisión á que pertenza ou a non asistencia descontinua inustificada a seis sesións da Comisión nun ano.
- d) A non asistencia inustificada ás sesións nas que se debata o presuposto, a programación plurianual ou os criterios xerais sobre política do cadro de persoal.
- e) Por incumprimento reiterado dos deberes inherentes ao seu cargo.

Artigo 11.

O cargo de conselleiro do Consello Social é honorífico. Non obstante, o presidente e os conselleiros terán dereito a percibir as axudas de gastos de locomoción e dietas de viaxe que puideran corresponderlles por asistir ás reunións do Consello Social, nas contías establecidas na normativa vixente.

TÍTULO 3º

De organización e funcionamento do Consello Social

Artigo 12.

1. Son órganos colexiados do Consello Social:
 - a) Pleno.
 - b) A Comisión Executiva, se a houbera.
 - c) As Comisións Permanentes
2. Son órganos unipersoais:
 - a) A Presidencia.
 - b) A Secretaría.

Artigo 13.

1. O Pleno do Consello Social é o seu máximo órgano de goberno e está integrado por todos os seus membros. Exerce con carácter indelegable a competencia decisoria nas materias ás que se refire nos artigos 3 c) e h), 4, salvo as letras a), g), i), l) e n), e 5, salvo as letras a), h), k), e o), todos eles da Lei de Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, así como as restantes que teña recoñecidas o Consello Social en tanto non se encontren encomendadas a outros órganos do mesmo.
2. Reunirase con carácter ordinario polo menos catro veces ao ano e con carácter extraordinario cando así o acorda o presidente ou o solicitan por escrito firmado, no que se fará constar os motivos da sesión extraordinaria e os asuntos que se desexen incluír na orde do día, seis dos seus membros ou o reitor da universidade. Neste caso o presidente deberá convocar o Pleno nun prazo máximo de sete días hábiles dende a recepción da solicitude.
3. A función das Comisións consistirá en estudar, deliberar e propoñer o Pleno a adopción de decisións sobre materias que lles atribuíran.

Gozarán de capacidade de decisión naqueles asuntos da súa competencia e que o Pleno lle delegara. O Pleno poderá, en todo momento, reclamar para si o coñecemento de calquera asunto que estivera examinándose nunha Comisión.

Artigo 14.

As reunións convocaraas o presidente mediante comunicación escrita que dirixirá a todos os conselleiros e cunha antelación de polo menos sete días hábiles á celebración da sesión e con indicación da orde do día. No caso de urxencia ou gravidade, o prazo de convocatoria será de corenta e oito horas.

Artigo 15.

A orde do día dos Plenos ordinarias fixaraos o presidente, considerando de ser o caso, as peticións dos demais membros formuladas coa debida antelación. Inclúiranse obrigatoriamente aqueles puntos que foron presentados por escrito, avalados mediante firma de seis membros.

Artigo 16.

1. O quórum para a válida constitución dos órganos do Consello Social, así como para a deliberación e adopción de decisións no seu seo, será da metade máis un do número de membros do órgano con dereito a voto.
2. Os acordos e decisións adoptaranse por maioría simple de votos. No caso de empate decidirá o voto do presidente.
3. As votacións poderán efectuarse:
 - a) A man alzada.
 - b) Nominais.
 - c) Secretas, cando así o solicite un membro do Consello. En todo caso serán secretas cando afecten a persoas concretas.
4. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do Pleno e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
5. A presidencia do Consello Social, a iniciativa propia o, no seu caso, a instancia dalgún membro do Consello, pode invitar para asistir ás sesións dos órganos colexiados, con voz pero sen voto, a persoas expertas e membros da comunidade universitaria, de acordo coa natureza dos asuntos a tratar.

Artigo 17.

Non obstante o disposto no artigo anterior, para a aprobación do presuposto, da programación plurianual e dos criterios xerais sobre a política do cadro de persoal, esixirase o voto favorable da maioría dos membros do Consello.

Esta maioría será tamén esixible en todos aqueles casos nos que o Pleno, por maioría simple dos asistentes, así o decida.

Artigo 18.

1. Os acordos adoptados polo Consello Social posúen executividade inmediata, sen prexuízo dos recursos que poidan interporse. O seu secretario, co visto e prace do seu presidente, remitirá inmediatamente unha certificación dos acordos ao reitorado, así como a cantos órganos, servizos e dependencias da universidade garden relación competencial cos asuntos aprobados.
2. Estes acordos serán notificados aos interesados na forma que proceda, dándose a publicidade oportuna a aqueles que o Consello considere de especial transcendencia para a sociedade.

Artigo 19.

1. De cada sesión levantarase acta, que conterá, como mínimo:
 - a) As circunstancias de lugar e tempo no que se celebrou.
 - b) Número e identificación das persoas que asistiron.
 - c) A orde do día da reunión e os puntos principais de deliberación.
 - d) A forma e resultado da votación.
 - e) O contido dos acordos.
2. Os membros do Consello Social presentes na votación poderán facer constar en acta o seu voto contrario ao acordo adoptado e os motivos que o xustifiquen, así como calquera outra circunstancia que estimen pertinente.
3. A elaboración da acta corresponderá ao secretario do Consello Social. No caso de ausencia deste, a elaboración correspóndelle, con carácter excepcional, ao membro do Consello que designe o presidente.

Artigo 20.

As actas serán firmadas polo secretario co visto e prace do presidente, e aprobaranse, se procede, na seguinte sesión ordinaria do Pleno. As actas serán remitidas xunto coa orde do día da sesión na que deben ser aprobadas.

Artigo 21.

No caso de constituírse a Comisión Executiva á que se refire no artigo 12 deste Regulamento, a súa composición, atribucións e funcionamento serán regulados polo Pleno do Consello Social nunha sesión ordinaria que se convocará para ese efecto.

Artigo 22.

1. O Consello Social poderá constituír as Comisións que estime convenientes, ben con carácter estable ou ben transitorias sobre asuntos determinados.
2. Todas as Comisións serán presididas polo presidente do Consello Social, ou persoa en quen delegue, de entre os membros daquela.

Artigo 23.

1. O secretario do Consello Social será designado e cesado por decisión do seu presidente. Se a designación recaese nunha persoa que non fora membro do Consello Social, actuará con voz pero sen voto.
2. Exerce, no Pleno e todas as Comisións, as competencias propias da secretaría dun órgano colexiado.
3. Son funcións do secretario:
 - a) Levantar actas das sesións do Pleno e Comisións.
 - b) Custodiar o Libro de Actas do Consello Social, así como expedir os documentos e certificacións que resulten das actas e acordos do Pleno do Consello Social.
 - c) Facilitar a documentación que os conselleiros lle soliciten en cumprimento do artigo 7, apartados 1 e 2 do presente regulamento.
 - d) Levar a contabilidade dos fondos do Consello Social e elevar ao Pleno a proposta relativa aos medios persoais e materiais necesarios para o funcionamento interno do Consello.
 - e) Dirixir a labor administrativa así como a de persoal e servizos adscritos á Secretaría do Consello.
 - f) Someter anualmente á aprobación do Pleno unha memoria de actividades do Consello, recollendo observacións sobre o seu funcionamento e suxerencias que se poidan adoptar para melloralo.

TÍTULO 4º

Sede e Administración

Artigo 24.

A sede do Consello Social será na localidade de Santiago de Compostela, e empregará os locais que a Universidade habilitará para tal fin.

Artigo 25.

O Consello Social disporá para a súa administración dunha oficina de Secretaría. A dirección e bo funcionamento da mesma serán competencia do secretario do Consello.

TÍTULO 5º

Da forma do Regulamento

Artigo 26.

1. A iniciativa para a reforma do Regulamento pode ser adoptada polo presidente do Consello ou mediante unha proposta firmada por oito membros do Consello Social.
2. As propostas de reforma do regulamento deberán estar debidamente articuladas e motivadas. Recibida a proposta, será sometida a votación para a súa toma en consideración polo Pleno do Consello.
3. Para que a reforma sexa adoptada deberá recibir o voto da maioría absoluta do Pleno do Consello. De non ser así, a proposta de reforma considerarase rexeitada e non se poderá interpor unha reforma idéntica ata que transcorra un período de dous anos, salvo que medie acordo dos dous terzos dos membros do Consello.
4. Á reforma do regulamento deberáse aplicar tamén a disposición transitoria segunda da Lei 1/2003, de 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, en orde á súa sanción pola Xunta de Galicia e á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

O presente regulamento debe ser integrado e interpretado no marco do disposto nos Estatutos de Universidade de Santiago de Compostela, e das normas legais e regulamentarias de ensinanza universitaria, así como do resto do ordenamento xurídico que fora de aplicación.

Para o que non esta disposto neste regulamento nin nos Estatutos da Universidade, aplicarase o que dispón a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



CONSELLO SOCIAL